



A FOLLA DA CGT

Núm. 70 - 25 xuño 2021

Teletraballo e conciliación

A empresa está denegando o teletraballo como mecanismo de conciliación. Alega que o acordo rematou. Pero ese acordo se refería ó teletraballo como medida de loita contra

a **covid-19**.

A postura da **CGT** sobre o teletraballo en tempos de pandemia foi moi clara e é de sobras coñecida. A nosa sección sindical xa iniciou o debate para definir unha postura sobre o teletraballo en xeral, á marxe da covid.

En calquera caso, a **CGT** non lle vai negar a ningún traballador/a os dereitos que a lei lle dá.

Neste senso, o Real Decreto-lei 6/2019, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego (BOE 7/3/2019), modificou varios artigos do Estatuto dos Traballadores, deixando o art. 34.8 como segue:

*As persoas traballadoras teñen dereito a solicitar as adaptacións da duración e distribución da xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo e na forma de prestación, **incluída a prestación do seu traballo a distancia, para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida familiar e laboral.** Ditas adaptacións deberán ser razoables e proporcionadas en relación coas necesida-*

des da persoa traballadora e coas necesidades organizativas ou produtivas da empresa.

*En caso de que teñan fillos ou fillas, as persoas traballadoras teñen dereito a efectuar dita solicitude até que os fillos ou fillas fagan **doce anos**.*

*Na negociación colectiva pactaranse os termos do seu exercicio (...). Na súa ausencia, a empresa (...) abrirá un proceso de negociación coa persoa traballadora durante un período máximo de 30 días. Finalizado o mesmo, a empresa, **por escrito**, comunicará a aceptación da petición, plantexará unha proposta alternativa (...) ou ben manifestará a negativa (...). Neste último caso, se indicarán as razóns **obxectivas** nas que se sustenta a decisión. As discrepancias (...) serán resoltas pola xurisdición social".*

A empresa **non** ten razón cando di que non hai dereito ó teletraballo. Si o hai.



A Xunta non é a nosa aliada

O pasado venres houbo un encontro entre o comité e delegados da IA co conselleiro de Industria da Xunta de Galicia.

As respostas do conselleiros, as de sempre. Todo o apoio "moral" do mundo. De cartos, mellor non falamos. Basicamente, limitouse a botar balóns fóra. Segundo el, apenas poden facer nada. Que se deixen de lérias: non interesa. Para o PP é máis rendible botarlle a culpa ó goberno central e gardar os cartos no peto.

Tamén fixo outra cousa moi habitual: instar ó executivo central, a que adiante os traballos da F-110. O conselleiro, ou ten moi mala memoria ou ten a cara moi dura. É de sobra coñecido que estamos nesta situación de parón por culpa das manobras corruptas de Pedro Morenés, como ministro de Defensa con Rajoy, que provocaron un atraso de dous anos nas fragatas.

A Xunta ten plenas competencias en materia de industria. Se realmente tivesen algunha vontade, poderían darlle un impulso ós investimentos necesarios para modernizar a factoría.

Os traballadores non debemos confundirnos. Que esteamos demandando carga de traballo e investimentos ó goberno central non significa que tódolos partidos da oposición sexan os nosos aliados. Se Pablo Casado estivese na Moncloa, as políticas da SEPI non serían esencialmente distintas, como xa comprobamos con Aznar e con Rajoy. E a perspectiva actual (un goberno do PP co apoio de Vox) aínda faría a cousa peor.

O paro técnico e a irresponsabilidade de Navantia

A actitude da dirección de Navantia durante o conflito dos compañeiros da limpeza foi de absoluta irresponsabilidade e desprezo pola saúde dos traballadores, algo que á **CGT** non nos sorprende, pois ven sendo a tónica durante toda a pandemia.

A última quenda de limpeza/hixienización realizouse o martes pola tarde, o que significa que durante todo o mércores a factoría non foi hixienizada nin desinfectada. A pesar de que tódolos protocolos marcan esixencias neste terreo para garantir a seguridade dos traballado-

res, **Navantia decidiu conscientemente expoñer ós traballadores e non paralizar a produción.** Non tiña que ser o comité de empresa o que paralizase a produción, senón a empresa!

Non só iso, en Carenas a empresa atreveuse a ir moito máis aló, saltándose a recomendación do comité de empresa e obrigando ós traballadores a manterse nos postos de traballo.

Os traballadores non podemos esperar nada das empresas, para as que somos simple mercancía. Navantia non é unha excepción.

Valoración da asemblea posterior á culebra



O mércores 16, a mobilización que tiñamos prevista realizar en Facenda transformouse nunha *culebra*, en vista da escasa participación. Trala *culebra*, na que se baleirou o edificio da Sala Técnica, celebrouse unha asemblea que, unha vez máis, revelou o descontento có comité de empresa dunha parte importante da plantilla.

Nesta asemblea participaron 8 traballadores, algo que en si mesmo é moi positivo, que sinalaron a responsabilidade do propio comité no

enorme grao de desmobilización. Como motivos da desmobilización, se salientaron dous aspectos: a falla de información e unha estratexia de loita completamente equivocada. No canto de tratar de entender as críticas, as valoracións que escoitamos a posteriori doutros sindicatos son no fondo de defender a ultranza o actual estado de cousas e dar a entender que esas opinións son minoritarias.

Dende a **CGT** valoramos moi positivamente que, a diferenza do que é habitual, tantos compañeiros se animasen a falar e que o que plantexaron fose á raíz do problema. Unha das claves para cambiar o rumbo sindical na factoría pasa porque tódolos traballadores dean un paso á fronte na súa participación. A **participación activa** do traballadores nas asembleas é un primeiro paso fundamental para transformar o comité de empresa nunha ferramenta representativa do sentir dos traballadores.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móvil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS



Prazas 2020-2021

As novas listas provisorias resultantes da segunda análise de tódalas solicitudes ofrecen unha porcentaxe de non admitidos é do 90,2%, como xa informamos por outras vías.

Este mércores foron aceptadas pola maioría do comité e xa só queda a súa publicación, prevista para hoxe.

A **CGT** plantexou durante o proceso da segunda análise a necesidade de que estas listas conteñan o motivo **concreto** polo que non se admite ós aspirantes. Non facelo así supón dificultar as reclamacións dos non admitid@s.